

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE GALICIA “FARGA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO A PACIENTES E FAMILIARES/ COIDADORES.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Don Luis Javier Fernández Aguin, presidente da Federación de Alcohólicos Rehabilitados de Galicia “FARGA” con NIF: G-70063326, que actúa en nome e representación da mesma.

MANIFESTAN:

PRIMEIRO. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

TERCEIRO. Que o Plan Estratéxico de Saúde Mental e o Plan de Trastornos Adictivos recolle entre os seus programas especiais a atención a problemas relacionados co consumo prexudicial de alcohol, así como programas de colaboración para realizar programas de formación e asesoramento técnico no ámbito da saúde mental.

CUARTO. Que entre os obxectivos de “FARGA”, en canto federación que agrupa diversas asociacións de alcohólicos e exalcohólicos da nosa Comunidade Autónoma Galega dedicadas á atención aos problemas derivados do consumo prexudicial de alcohol, se atopan aqueles que teñen como finalidade a información e difusión da enfermidade e o establecemento de canles comúns para dar formación e apoio aos profesionais e colaboradores.

QUINTO. Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar unha mellor atención aos problemas derivados do consumo prexudicial de alcohol, a través de actividades de formación, información, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/coidadores.

SEXTO. A Federación de alcohólicos rehabilitados de Galicia (FARGA), cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Este convenio ten por obxecto a realización, por parte de “FARGA”, das seguintes actividades:

- A formación continuada dos profesionais técnicos asistenciais que traballan ou colaboran coas asociacións que integran “FARGA”.
- A difusión e sensibilización da poboación xeral respecto dos problemas asociados ao consumo de alcohol.
- A información, orientación, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/coidadores.
- A participación naquelas actividades formativas que no seu ámbito do alcoholismo se desenvolvan por parte do Servizo Galego de Saúde, participando da elaboración do Plan Anual de Formación que se deseñe (segundo o previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma), tanto informando das necesidades detectadas no seu ámbito de actuación como na elaboración dos programas e desenvolvemento das actividades formativas.

No desenvolvemento da súa actividade se colaborará cos servizos de saúde na atención integral destes pacientes coordinando as actuacións realizadas.

Os usuarios dos seus servizos serán informados de xeito personalizado de todos os recursos propios e alleos que contén con programas de tratamento individualizado que atenda as súas circunstancias clínicas e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

SEGUNDA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

TERCEIRA. A Federación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

a- Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.

b- Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

c- Remitir con periodicidade trimestral unha memoria na que se faga constar:

- 1) Número de beneficiarios directos (usuarios) e beneficiarios indirectos (poboación beneficiaria) desagregado por sexo.
- 2) Número de Actividades de formación continua dos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións que integran a federación: Asistencia a Cursos, Congresos, Xornadas ou Seminarios:
 - Organizados pola propia federación: data, denominación, programa, nº asistentes, localidade, ámbito, profesionais aos que vai dirixido, poñente/s e nº de asistentes.
 - Non organizados pola federación: nº profesionais becados, listaxe congresos asistidos (data, denominación, localidade, ámbito, ...).
 - Grado de participación dos profesionais en cada unha das anteriores actividades (docente, oínte)
 - Relación das publicacións periódicas realizadas.
- 3) Número e tipo de actividades de difusión e sensibilización da poboación xeral respecto dos problemas asociados ao consumo de alcol: campañas radiofónicas, cuñas de radio, mantemento e actualización páxina web (nº de visitas), publicacións de dípticos, folletos, guías, ... (achegando a/as publicación/s), xornadas de sensibilización (data, lugar celebración, nº asistentes, duración...), charlas divulgativas.

- 4) Número de intervencións realizadas no servizo de información, orientación e asesoramento a pacientes e familiares e de asesoramento xurídico (horario e nº de entrevistas).
- 5) Número e breve descrición de actividades e programas dirixidas a colectivos de maior vulnerabilidade (en especial menores, mulleres e persoas con discapacidade) ou con trastorno mental asociado.
- 6) Número de reunións de coordinación con outros servizos de atención integral as persoas con trastornos relacionados co uso e alcol e os seus familiares.

CUARTA.- Salvo que se xeren créditos adicionais co mesmo fin, o Servizo Galego de Saúde comprométese para levar a cabo o programa achegar a cantidade de vinte e tres mil sesenta e tres euros (**23.063,00 €**) con cargo a aplicación orzamentaria **5001.413A.481.17**, co código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

QUINTA.- No caso de que se xere créditos adicionais, tal como se especifica na cláusula anterior, elaborárase unha addenda para ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

SEXTA. A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, aportando por parte da asociación:

- Unha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio, segundo se indica na terceira cláusula deste convenio.
- Certificado de non atoparse incurso en causas segundo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Certificado de obrigas tributarias e seguridade social.
- Copia cotexada do CIF

- Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluíndo o anticipo), a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gasto ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.

A data límite e improrrogable para presentación da documentación para os pagos parciais é o 5 de novembro de 2018.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada engadíndose, o importe do anticipo a conta, se é o caso.

De acordo co artigo 65.4 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagamentos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.
- b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.
- c) Certificación da federación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo

proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
2. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro de 2017 ata o 30 de novembro de 2018.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 5 de decembro de 2018. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para os efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aquel outros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente.
4. A documentación xustificativa dos gastos dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá certificado favorable de ser conforme.

5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Con data límite do 15 de xaneiro de 2019 a federación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como anexo a este convenio.

NOVENA. Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTÉN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO (PR004A), dirixíndoas a atención da Dirección xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMA. Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da federación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a persoa titular da presidencia do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA PRIMEIRA. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMA SEGUNDA. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Federación de Alcohólicos Rehabilitados de Galicia “FARGA” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA TERCEIRA. Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMA CUARTA. A federación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA QUINTA. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018.

DÉCIMA SEXTA. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase polas partes este convenio en cuádruplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Federación de Alcohólicos
Rehabilitados de Galicia "FARGA"

Jesús Vázquez Almuiña

Luis Javier Fernández Aguin

ANEXO

MEMORIA FINAL

- 1.- Asociacións que compoñen a federación no ano en curso (indicando nome da asociación, o seu representante e a ubicación).
- 2.- Balance de ingresos e gastos da federación.
- 3.- Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
- 4.- Actividades de formación continua dos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións que integran a federación: Asistencia a Cursos, Congresos, Xornadas ou Seminarios:
 - Organizados pola propia federación: data, denominación, programa, nº asistentes, localidade, ámbito, profesionais aos que vai dirixido, poñente/s e nº de asistentes.
 - Non organizados pola federación: nº profesionais becados, listaxe congresos asistidos (data, denominación, localidade, ámbito, ...).Grado de participación (docente, oínte)
 - Copia de publicacións periódicas realizadas.
- 5.- Actividades de difusión e sensibilización da poboación xeral respecto dos problemas asociados ao consumo de alcol: campañas radiofónicas, cuñas de radio, mantemento e actualización páxina web (nº de visitas), publicacións de dípticos, folletos, guías, ... (achegando a/as publicación/s), xornadas de sensibilización (data, lugar celebración, nº asistentes, ...), charlas divulgativas, ...
- 6.- Actividades de información, orientación, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/coidadores:
 - Horario de atención ao público.
 - Servizo de información, orientación e asesoramento a pacientes e familiares (nº de entrevistas).
 - Servizo de asesoramento xurídico (horario e nº de entrevistas).
- 7.- Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

